




"LECTURA E FAMILIAS"

COLEXI^o DE CERVO



OBRADOIROS PREVISTOS PARA OS VINDEIROS MESES:

Convidámoste a participar nas seguintes actividades propostas desde Bibliocervo dentro do proxecto "Lectura e familias". Os únicos requisitos imprescindibles para asistir son ter ganas de aprender e de compartir.

MAIO:

XOVES, 5 DE MAIO:

Libros de familia, con Pablo Otero:

Todos temos unha historia que nos encanta contar unha e outra vez. O meu avó, a vosa nai ou aquel curmán da tía segunda do papá que se perdera no Brasil. Son historias e anécdotas que naceron na vosa familia, que sempre se contan cando estades xuntos e que hai que coidar coma tesouros.

A actividade propón:

Facer un libro obxecto para acoller eses relatos valiosos. Elaborado polos membros de cada familia. Sen límite de idade ou parentesco. Unha historia moi vosa, ou dúas, tres. O punto de partida pode ser unha anécdota, un chiste ou algo que inventamos para ir durmir. Vos sodes as autoras e os autores. Trátase dun libro obxecto artesán e colectivo.

Eu ofrezco unha pouca teoría interesante, algúns exemplos visuais e recursos e posibilidades expresivas e solucións creativas por se nos quedamos en branco.

O produto final, o noso libro. Podémolo levar para casa e incluír nas nosas prezadas bibliotecas familiares ou tamén facerlles unha fermosa exposición na escola. Para que uns e outras poidan gozar das ideas e dos resultados.

Libros de familia é un obradoiro para desenvolver dentro da escola e para familias.

Unha fermosa escusa para pasar un rato en familia facendo algo creativo.

HORARIO: 16:00 a 18:00 h

*INFORMACIÓN ADICIONAL AO FINAL

XOVES, 26 DE MAIO:

Obradoiro sobre DISLEXIA e dificultades na lectoescritura, con ESTHER LÓPEZ CARBAJALES (PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN GALEGA DE DISLEXIA "AGADIX"):

Trataranse os seguintes aspectos:

- Posibilidade de detección temperá da dislexia: aspectos a ter en conta ou a vixiar en Infantil/ Primaria
- Evolución natural ou normal desde Infantil/Primaria
- Dificultades relacionadas ou asociadas e pautas para melloralas: disgrafía, disortografía, discalculia...
- Pautas para reforzar ou traballar algúns destes aspectos desde a escola e a casa.
- Resolución de dúbidas que poidan xurdir sobre casos concretos.

HORARIO: 16:00 a 18:00

Nota: haberá servizo de canguraxe en horario de 16:00 a 18:00 h.

Prégase anotarse nos obradoiros coa maior antelación posible para poder coñecer o número de asistentes e facilitárllelo ás poñentes, xa que as prazas son limitadas (25/obradoiro).